



## UN BERGSONIANO CON ALMA GALEGA

---

*Ramón Sánchez Rodríguez*

### PRESENTAZÓN

Victoriano Garcia Marti, naceu na Pobra do Caramiñal, no ano 1881. Estudou Leis na Universidade de Santiago e acadou o doutoramento na universidade de Madrid.

Realizou estudos sociais en París e Bruxelas, sendo froito deles a publicación en París de dúas obras importantes: "La sociologie en France" (1912) e "La prévision en sociologie" (1923). Na capital do Sena foi discípulo de Bergson, de Durkheim e de Boutroux, sintonizando abertamento coa doutrina do primeiro.

Instalado en Madrid, presidiu a Sección de Ciencias Históricas de "El Ateneo de Madrid"; foi secretario da dita Institución en dúas ocasións, baixo as presidencias de D. Ramón Menéndez Pidal e do conde de Romanones respectivamente; membro correspondente da "Real Academia Española", académico da "Real de Jurisprudencia" e académico de Honra da Real Academia Galega. A súa actividade científica e académica está acreditada por perto de medio cento de obras publicadas: novela, teatro, ensaio, autobiografía e tamén centos de artigos xornalísticos. Finou en Santiago no 1966.

### ALMA GALEGA

Victoriano Garcia Marti é un home con tendencia ao recollimento e ao mundo interior; esta propensión foi-se vigorando no proceso da súa vida segundo ian pasando os anos. A terra que o viu nacer, a educación recibida, a súa maneira de ser e outras circunstancias vitais impeliron-no sen dúbida, nesa dirección.

A terra galega influíu considerabelmente na súa sensibilidade. O ton sentimental, doce e bucólico do seu país, tal como el di, de unha ou outra forma, "imprime carácter" aos seus fillos.

Galiza e os seus climas sombríos, ten a virtude de adentrar aos homes na intimidade, alí onde habita a espiritualidade, a finura e a delicadeza. As estridencias e os choques físicos

e violentos non van coa súa maneira de ser. Nestas circunstancias, a vida das persoas que teñen ali as súas raíces, non poden ser melacólica e sentimental, porque o galego non acaba de desprender-se do seu seo materno:

"... el alma gallega no es de acá ni de allá; está en los linderos. Esa penumbra la aleja de las expresiones racionales del pensamiento. Galicia es ante todo sentimental. Y así como la modalidad racional del pensar tiende a universalizar al hombre, el sentimiento tiende a localizarlo, mejor, a desarrollar la dirección de la profundidad, ligando la vida a sus raíces"(1).

Está convencido de que na Galiza predomina a natureza. Con efecto, ali non se salienta por grandes feitos históricos, nen políticos ou guerreiros como Castela. Tampouco son importantes as actividades económicas e industriais como en Vascónia ou Cataluña. Os galegos só poden definir-se polas súas condicións subxectivas, polo seu carácter e polas súas tendencias. Isto obriga-os a moveren-se nunha dimensión moi sutil, tal é o matiz lírico e sentimental que conforma un mundo cheo de ternura.

A alma galega ten moito que ver co bosque e coa noite; é unha alma cristianizada pola luz que emanou da estrela de Santiago. A súa alma é lírica e suave. Está chea de tremores milenários e de névoas misteriosas. Nela alienta a idealidade:

"El sentido de la naturaleza galaica influye en la psicología de las gentes. Si el Mediterráneo es, como se ha dicho, la civilización de la inteligencia un poco geométrica, por la claridad de sus líneas, nuestra posición nórdica da mejor una cultura sentimental. A ese tono barroco y dulce del paisaje corresponde un tono de sentimentalismo; pero este sentimentalismo no lleva a vehemencias trágicas, no es arrebatado, no es febril, tiene una serenidad en el fondo que, sin duda, nace de nuestra íntima ligazón con la naturaleza que nos rodea"(2).

García Martí, sente-se profundamente marcado por dúas constantes: a) O sentimentalismo propio de Galiza, que o leva a vivir inqueda, sen sosego, sentindo a saudade "doutra cousa", que busca denodadamente, por iso, busca permanentemente na súa intimidade vital; b) A dor de vivir, da que tanto fala nas súas obras e que constitúe a condición fundamental da existencia humana. Esa forma dolorosa de vivir, busca unha saída, unha solución que non atopa, o que lle dá un ton, segundo el, de romanticismo "del dolor de vivir".

Galiza, a "Esquina verde", non é unha terra calquera, despersonalizada, agreste e desagradecida. É un pedazo de terra amábel, xenerosa e fértil; chea de matices e cores. Nela reina a luz e a estrela guiadora de Santiago. Galiza está repleta de fulgores nocturnos, de placidez e, case sempre, dominada polas "baixas presións".

Estas circunstancias, sen dúbida, marcan definitivamente ós seus moradores que non poden deixar de sentir-se firmemente apegados á terra, identificados con ela, como se estivese cosida á súa alma. Pois ben, esta "identificación" ou escasa distinción entre ambos os dous, considera que é unha das máis claras expresións do modo de ser galego:

"... la tierra, a la vez que recibe esta influencia de la huella humana, la devuelve generosamente en una acción continua, hincando su rostro expresivo en el alma de las gentes, influencia ésta que no se borra jamás..."(3).

Este autor, no máis fondo do seu ser, cando escribe ou actúa, está a pensar en "galego", isto é, que parte da súa experiencia concreta e do comun sentir dos homes da súa terra. Por iso di que a maioría dos homes e dos povos, cando se plantexan cuestións relacionadas cos mistérios que aprisionan as súas vidas, é dicir, o misterio da orixe e o misterio do fin ou destino, predomina a posición dos que se inclinan cara diante, mirando á esperanza, bus-

cando unha saída no "máis alá do fin". Sen embargo, no temperamento galego, predomina unha dirección contraria, isto é, a nostalxia por algo indefinido que se sitúa no principio.

Esta particularidade da "Zona Atlántica", mira ás orixes ancestrais dos galegos. Manifesta-se nun ton místico enxebre, cicais despersonalizado e cun forte matiz panteísta e pagánizante. É un sentimento vital profundo e constitutivo, de tal xeito que ten características metafísico-existenciais no ámbito das vivencias.

É un sentimento que se vive na penumbra, ao marxe dos lindeiros racionais do pensamento. É un sentimento de verticalidade e estático, en vez de horizontal e dinámico. É un cordón umbilical que permanece "vivo":

"La placenta nostálgica, que une al gallego, en primer término, con algo indefinido, con algo que le falta, que naturalmente está en el pasado (no se tiene nostalgia de lo que está por venir), algo así como nostalgia de la casa paterna, parece dar a entender que el gallego no se siente desprendido totalmente de la matriz vital"(4).

Galiza busca a súa liberación no infinito, pero sen actuar, sen vivir. Todos os homes, de unha ou de outra forma, teñen anxeios de infinito, desexan ser transportados a un ámbito superior. O infinito é algo que falta na vida, aínda que o home non sexa capaz de saber en que consiste. Só cando se acode á idealidade relixiosa, o home encontra seguridade. Esta idealidade relixiosa centra-se unha sepultura e nunha santuario: Compostela. Este é o seu vello cara o eterno.

A alma galega, ao ser fundamentalmente pasiva e estar alonxada das grandes fazañas humanas, sente-se máis a gusto cando se considera vencida que cando sae vencedora. A súa filosofía de vencimento é a filosofía da dor. Xa que logo, busca a liberación nun modo de vivir interior. O camiño para o infinito está moi dentro do home. Os galegos buscan encher-se de corazón e de alma. Queren saciar-se de infinito dentro das súas entrañas:

"La idealidad religiosa de los gallegos, que no tendía a exteriorizarse, propendía, por el contrario, a encerrarlos en su mundo interior. De ahí esa dimensión de profundidad espiritual que hace añorar (saudade) a todo gallego una lejanía infinita propicia a la intimidad"(5).

A Galiza, repite con moita frecuencia García Martí, debido á tonificante influencia da natureza, enxendra unha actitude doce, sentimental e mística, na alma. Neste país non hai relevos bruscos nen natureza agreste, cicais por iso, os galegos máis que acción son paixón e sacrificio. Con efecto, abunda un acento de melancolía no seu corazón. É frecuente, afirma, que na paz do serán, tanto nos campos como na beira-mar, se sinta como un coxeguento no fondo da intimidade humana, como se unha onda de sentimento embargá-se o peito, anudá-se a gorxa e se desbordá-se en torrentes de nostalxia e de sentimento. Sente-se, daquelas, unha profunda pena de vivir. É a alma galega que sente a infinda anguria de atopar-se prisioneira na carne doente:

"Hay un cierto sentimiento de soledad y de aislamiento que sin duda viene de la montaña y hay también una como nostalgia de infinito que acentúa acaso la vista del mar. La circunstancia de que este mar no condujera a ninguna parte antes del descubrimiento de América, claro que aumentaba la melancolía de la visión marítima"(6).

A alma galaico-portuguesa non tende á exaltación de valores relacionados coa "racionalidade", isto é, non gosta de resolver graves problemas de índole abstracta sen máis. Son povos que non se liberan doadamente dos seus prexuízos, porque non logran acadar un equilibrio armónico entre as súas facultades intelectuais e afectivas: son máis intuitivas que racionais.

Estas características, até certo punto, son "virtudes" nativas e patrimoniais de raza, fortemente emotiva, tímida, de ritmo lento, inxénuas e, asimesmo, matizada por unha espiritualidade de carácter eminentemente místico.

Non é de estrañar, pois, que sexan povos aptos para as manifestacións de tipo fantástico e lírico:

"... sentimientos tan particulares como la "saudade" y la "morriña", que faltan en el resto de la Península más dominada por la nota austera y áspera, ¿no es esta condición étnica y sentimental de estos pueblos apta para el engendro o adaptación de los mitos y temas poéticos de fantasía?"(7).

García Martí, plenamente identificado coa súa condición e modo de ser galaico, sente unha grande afinidade e admiración polo "Filósofo de Francia".

## PREFERENCIAS BERGSONIANAS

Durante a súa estancia formativa en París foi testigo directo da polémica suscitada na Sorbona e, por suposto, en Franza, entre dúas concepcións do mundo e da vida, que teñen como representantes máis importantes a Durkheim e Bergson:

"Aparecían frente a frente las dos corrientes: la de un mundo que se agotaba y la de un mundo que nacía. De un mundo que apuraba las posibilidades científicas llevándolas al extremo de pretender constituir ciencia positiva en los territorios de la vida moral con la sociología de M. Durkheim, y de un mundo que nacía con una nueva concepción, que ponía su fe en el espíritu creador, de la filosofía un poco mística representada por M. Bergson"(8).

Durkheim, afirma García Martí, era o "pontífice" da socioloxía, da "ciencia dos feitos sociais", polo tanto, a ciencia ocupaba o primeiro plano e podía ser aplicada a todos os terreos, tanto no mundo físico-químico como no mundo da moral.

Pola contra, Bergson era o filósofo, "o mestre da filosofía", situado nas antípodas, posto que a súa filosofía era "completamente idealista". Xa que logo, non podía permitir que a vida moral pudesese ser obxecto da ciencia positiva, xa que é " cousa distinta da vida física". O mundo moral, segundo el, repitando as palabras de Bergson, é o "reino da liberdade". Precisamente por iso, a intuición ocupa un papel "moi interesante na súa filosofía"(9).

Para García Martí, a vida é un quefacer constante. Consiste nunha marcha cara a realización da súa "mismidade". Ao home non lle pode ser suficiente a satisfacción das súas necesidades materiais nen tampouco situar-se na dimensión espiritual, porque, deste xeito, colocaría-se ao marxe da realidade humana e da moral.

Os problemas morais, segundo este autor, van ligados ao espírito, posto que a moral é unha especie de reserva do espírito do home que está inmerso na escena da vida práctica. É unha especie de reserva para os casos de desmaio ou desfalecemento. A moral é "unha especie de apuntador". Non é outra cousa que un conduto de aportazón do espírito ao mundo:

"... la vida tiene que marchar, y la moral es justamente este movimiento y esta marcha. El espíritu hace su aparición en el mundo así, a golpes espontáneos y brutales, arrancados en momentos heroicos"(10).

Esta é a grande diferenza respecto a Bergson que, como é ben sabido, non busca causas trascendentes nen para a moral nen para a relixión, posto que as súas raíces son, a sociedade pechada e a sociedade aberta, que á súa vez, teñen a súa orixe nas emocións e nos hábitos psicolóxicos propios da natureza humana na súa evolución histórica. As dúas morais ber-

gsonianas teñen, pois, a súa fonte nun único principio: o impulso vital, isto é, na unidade da evolución vital, no "impulso da vida". Desta forma, para Bergson, "toda moral é de esencia biolóxica"(11).

Anos máis tarde, cando Garcia Marti publica "Notas de Sociología", segue convencido da enorme importancia que Bergson ten na filosofía, así como da súa preponderancia sobre a ciencia, especialmente no referente á antítese irreconciliábel entre o mundo ideal e todo tipo de determinismos:

"Nosotros queremos, con este motivo, mostrar el pensamiento de M. Bergson, cuya extraordinaria influencia en la filosofía es tan conocida en la época actual. Discípulo de Boutroux, su doctrina idealista no puede estar de acuerdo con los científicos, que no ven más que determinismos por todas partes".(12).

Garcia Marti sintoniza de forma explícita coa actitude espiritualista de Bergson, continuador, segundo el, do espiritualismo francés, que ten entre os seus cultivadores a homes tan importantes como Boutroux. Non é que Bergson, nen tampouco Garcia Marti, rexeiten a ciencia; pola contra, aceptan-no e ven-no como algo positivo e imprescindíbel, pero aplicada e aplicábel ao mundo material, ao corpo, para estudá-los e coñecé-los mellor, sempre e cando non tente traspasar os umbrais da conciencia e do mundo moral, porque ali o home move-se noutra dimensión:

"Bergson se ha rebelado contra esta invasión (de la ciencia positiva dentro del dominio de la vida moral). Es preciso acordarse de que M. Bergson es un discípulo de M. Boutroux, el cual ya había dicho: "Las ciencias positivas no han podido constituirse más que despreciando los elementos cualitativos".

No podemos disimular nuestra preferencia por este punto de vista opuesto al de M. Durkheim, aun reconociendo su gran valor y el mérito extraordinario de su esfuerzo"(13).

O mundo intelectual, a fría razón, o mesmo que todo o que sexa prosaico e as redes do "pensamento lóxico", non gozan das preferencias deste autor, porque aprisionan o máis orixinal e profundo do home, que é a conciencia e a vida. Esta forma de pensar é evidente que non é nova nen tampouco exclusiva de Garcia Marti. Xa H. Bergson na súa primeira obra "Essai sur les données immédiates de la conscience" (1889), deixa moi claro que a vida orixinal da conciencia non é doadamente penetrábel. Só hai un camiño que permite chegar a ela: aquel que esté libre de estruturas intelectuais, porque son ficticias e non serven para apreender a auténtica "realidade", a vida.

Os homes, di, son portadores dun poder máxico e divino que levan no seu interior, na súa vida. Todo acto humano que se xera nesa forxa interior, ten entidade propia, perdura e abre-se camiño ao traveso dos tempos e das fronteiras.

É como se a vida fose constantemente superada por ela mesma, polo seu dinamismo e a súa vitalidade constitutiva. Sen dúbida que Bergson avala esta afirmación cando di que a vida ten "a facultade de sacar de si mesma máis do que contén"(14).

A vida é un renovar-se contínuo e un incesante criar. Disto deduce-se que o ben, a verdade, os ideais, a razón, etc. non son máis que o trasfego da vida; son aberturas que rasgan a vida e lle dan unha constante novidade e fecundidade. A vida é o único inmediato, é a harmonía de todos os instantes e nada pode ficar fora dela:

"Lo que llamamos bien no son más que súbitas apariciones de esa profundidad eterna de la vida. La verdad, el empeño de ver la eternidad. Pero la vida es siempre la fuente de todo ideal"(15).

Para Garcia Marti, só a vida abre as portas e franquea os límites, por iso, a fecundidade, tanto do pensamento como da acción, radica no impulso e nas tendéncias vitais. A vida ten unha enorme forza de impulsón. Arrasa-o todo; é un torrente imparábel. A actividade humana criou infinidade de cousas apoiando-se nas propias tendéncias vitais; construiu todo un mundo material e espiritual. De certo, di, que implicou un xigantesco esforzo, pero bastou deixar-se arrastrar pola corrente vital e os seus impulsos e tendéncias fondamente arraigados na vida humana:

"Y es que su fuerza está en la propia vida; en su impulso vital. Dijérase que el espíritu desempeña a pesar de todo un escaso papel en la existencia del hombre, al fin de cuentas, vive un poco biológicamente. Todos los tóxicos disolventes del análisis mental, todas las congojas que se derivan de los problemas que plantea el espíritu se destruyen ante el instinto y la fuerza del aliento vital (...) no pueden nada en contra de los impulsos vitales, contra la fuerza de la vida misma"(16).

Pode-se apreciar, unha vez máis, o selo que Bergson deixou impreso no seu pensamento. A vida está chea de tendéncias, e

"La esencia de una tendencia vital consiste en desarrollarse en forma de abanico, creando, por el mero hecho de su crecimiento, direcciones divergentes entre las que se repartirá el impulso"(17).

Con efecto, a intelixéncia é transformadora, isto é, ten tendéncia a transformar aquelas realidades que pretende "coñecer" e "clasificar" nunha serie de elementos sólidos e, por tanto, discontinúos e inmóbeis. Desta forma, a intelixéncia, a capacidade lóxica do home, non é capaz de captar todo o que de novo hai na vida, é dicir, aquilo que pertence ao reino da cualidade e da liberdade. Este punto de vista tan coñecido de Bergson, resoa de novo nos escritos de Garcia Marti como a cousa máis natural do mundo:

"Se trata de alejar esa "representación" del mundo, hecha con interés práctico, poniendo en su lugar otra senda más desinteresada y eficaz, por lo menos en lo que afecta a los territorios de la vida y de la conciencia.

Esos moldes, esas etiquetas, esos disfraces que el discurso colocó sobre las "cosas" en que hemos recortado la "realidad" para clasificarla y ordenarla, no son más que vistas parciales y exteriores incapaces de dar una impresión de lo íntimo y del conjunto. Bueno es que el mecanismo conceptual se aplique al mundo de la materia; pero tal inmovilidad del concepto, tal rigidez del aparato lógico es inaplicable a más altas esferas. De aquí las dificultades de la ciencia en ciertos planos; de ahí que no sea lícito aplicar la medida y demás resortes del método que intenta descomponer la cantidad, a la "vida" y a la "conciencia", donde reina la cualidad, la duración y la creación incesante"(18).

A vida, que o é todo, que é día e noite alternativamente, brilla con luz propia. Todo o demais, incluíndo a razón, pode considerarse algo derivado. Cando a razón pretende imporse e controlar ese océano da vida nas súas diferentes dimensións, perde todo o seu significado porque aí é onde non pode chegar, ou se logra entrar, fracasa rotundamente: como moito, pode ter algunha funzón no ámbito externo e superficial, pero nunca chegará a coñecer o secreto da vida:

"La razón enfrente a la vida pretende imposibles. Pretende fijar en interpretaciones estáticas el carácter dinámico de la vida. Algo así como el cuadro redondo. El funcionamiento de la razón puede dar un cierto resultado -por lo menos, pragmático- actuando sobre el mundo en torno en la realidad que nos rodea, en la "naturaleza"; pero no en la "vida" misma"(19).

A capacidade intelectual, pois, non ten entre as suas funcións e poderes nengun título que lle permita dar unha "visión" adecuada da vida. Garcia Marti situa-se nesa liña de pensamento que tan pouca simpatía ten pola razón e, xa que logo, a vida debe "someter" á razón a un rigoroso control e dominio. Referimo-nos, ben é certo, a pensadores tan importantes como Bergson, Unamuno e Ortega, sen que isto queira dicir que todos eles coincidan puntualmente nas suas apreciacións, aínda que se pode encontrar entre eles un comun denominador de superioridade vital fronte ao mundo da razón: "El entendimiento se caracteriza por una incapacidad natural para comprender a la vida"(20). "Razón y vida se oponen"(21). "El tema de nuestro tiempo consiste en someter la razón a la vitalidad, localizarla dentro de lo biológico, supeditarla a lo espontáneo"(22).

Esa incapacidade da intelixencia nos "territorios da vida", como gusta chamá-los Garcia Marti, é a mesma incapacidade que ten a ciencia, posto que esta, segundo afirma Bergson, funda-se na intelixencia. Efeitivamente, a ciencia ten o seu campo específico no mundo da natureza inorgánica, dado que ali é onde a intelixencia e a ciencia poden apreciar un tempo homoxéneo ou uniforme, que non é outra cosa que unha serie de instantes iguais; agora ben, ¿é iso tempo? Tanto Bergson como Garcia Marti, na sua identificación co Mestre Francés, coinciden en que non é tempo, senón máis ben espazo. É un tempo espacializado que pode ser medido cientificamente. A verdadeira durazón non pode ser medida porque non é nada concreto, nen uniforme, senón que é cualidade e "criazón continua". Os ollos da ciencia non poden comprender a vida; son necesarios outros órganos "visuais" dos que tanto fala Bergson e que Garcia Marti admite plenamente:

"Se ha dicho, y esto ha servido de base para muchos ensayos de este género, que la razón es impotente en los territorios de la vida y del espíritu, porque estos dominios, según Bergson, son propios de la duración y del tiempo, y la razón, para enfocarlos, los convierte en términos espaciales y detiene el movimiento, con lo cual no hay modo de sorprender este proceso de incesante creación.

Pero hay otros ojos que pretenden ver más libremente y que pertenecen a los medios intuitivos propios más bien del éxtasis poético que de la serenidad lógica de la razón"(23).

A vida, o mundo interior e a conciencia, só poden ser acésbeis mediante unha intuición directa e íntima. Esta posición, como é ben sabido e, ademais, este autor reitera con certa frecuencia, ten moito que ver con pesadores antigos como San Agustín e, dun xeito moi especial, con Bergson nos tempos modernos.

A intuición, por dicé-lo de algunha maneira, non distorsiona esa "realidade" vital, senón que a "capta", sintoniza con ela, pon-se ao seu nivel sen nengun tipo de "prexuízos" nen de "esquemas" prévios. Só os "ollos" da intuición son capaces de ver ese mundo da cualidade, da durazón, da liberdade e da "criazón incesante". Ese mundo do home, eminentemente espiritual, está aberto exclusivamente á intuición. Como se pode apreciar, Garcia Marti, está empapado da doutrina de Bergson, aínda que, do mesmo xeito que o Mestre, non precisa o sentido estrito do que entenden por intuición, senón que a deixan nun amplo campo semántico, podendo ter significados diversos:

"Por consiguiente, todos los caminos que nos hagan intimar con la vida, con la raíz vital, los caminos interiores, los caminos del corazón, que, en definitiva, se acercan a los caminos de la fe, serán los más fecundos. Fecundidad ya descubierta en la antigüedad, con un sentido religioso, por San Agustín, que decía que en el interior del hombre habita la verdad y reconocida filosóficamente por Bergson en los tiempos modernos, al decir que la intuición de los territorios del espíritu es superior a la razón"(24).

Esta mesma idea da intuición como vivencia da "realidade", pode apreciar-se tamén noutras obras de García Martí con certa frecuencia:

"Bergson establece, pues, una línea divisoria entre el análisis conceptual y la intuición filosófica. La ciencia, por medio de conceptos, sólo puede conocer los objetos por fuera, de ningún modo alcanza la esencia íntima.

De ella sólo podremos tener noticia por una especie de auscultación, viviendo la misma realidad, y es claro que la sola realidad que no es dable vivir en nuestro mundo interior o de la conciencia. Es aquí, por consiguiente, donde nos será posible sorprender ese flujo constante de lo "real que se hace", en oposición a las realidades externas que se nos presentan "hechas" y como solidificadas"(25).

No referente ao tempo e á durazón, sen pretender ser exhaustivos, aínda que situando-nos un pouco no pensamento de García Martí, tamén coincide plenamente cos postulados básicos de H. Bergson. Efectivamente, o "tempo real" ou da "durazón real" do que fala o Filósofo de Franza, escapa ás ciencias matemáticas. Isto é evidente sempre e cando se teña en conta que se sitúa na dimensión dun "evolucionismo espiritualista", tal como se pode apreciar en "La pensée et le Mouvant". García Martí, igual que Bergson, identifica ese proceso contínuo e incesante, como a forma progresiva da evolución co devenir da conciencia.

Se a existencia espiritual non é algo acabado, senón máis ben, un cambio incesante e ininterrompido, a durazón é un progreso contínuo nesa criazón constante e espontánea da vida e da conciencia. Así pois, nese ámbito, nada ten que facer nen o discurso nen a ciencia:

"Del error de emplear en este mundo interior e íntimo los procedimientos del discurso, valaderos para actuar en las realidades externas, nace el traducir el tiempo en términos de espacio y de cantidad. Este descomponer el movimiento atendiendo a correspondencias de móviles con puntos espaciales, prueba que el movimiento en sí mismo no es accesible a nuestros métodos habituales y cotidianos. El intelecto y la ciencia tienden, aspiran a traducir o interpretar el mundo en un orden matemático de inmovilidad, descomponiendo la realidad y clasificándola en términos de una acción posible; mas he aquí que el flujo incesante y constantemente nuevo de la vida y del espíritu no es reducible en lo que tiene de cualitativo y de creación, porque la cualidad, como ya había dicho Boutroux, no es susceptible de cálculo" (26).

Antes dixemos que Garca Marti non está contra da ciencia, nen dos seus métodos, sempre e cando esta non pretenda invadir terreos que non lle son propios. Nesta liña sitúa-se, como é sabido, H. Bergson, que non fai diferenzas de valor entre a metafísica e a ciencia, senón que distingue e separa claramente o obxecto e o método de ambas as dúas.

A ciencia ten como misión "coñecer", analizar e estudar a materia, o medíbel, o cuantificábel, etc. e desde este punto de vista, non teñen porque ser inimigas, senón máis ben cooperatoras e complementarias, do mesmo xeito que o son o espírito e a materia, aínda que sen esquecer que o espírito é superior á materia e que esta, dentro da "evolución criadora", non é máis que unha "detención virtual" do impulso vital que é, en último término, espiritual.

A ciencia serve tamén para manipular a materia e ten unha importante dimensión utilitarista, pero se pretende aplicar os seus paradigmas ao mundo espiritual, é rexeitábel sen paliativos:

"Bergson alza su voz sugestiva para detener ese terrible amago de los "bárbaros de la ciencia" que pretenden hollar el sagrado recinto del espíritu con una serie de aparatos prosai-

cos de ingeniería, afortunadamente ineficaces para sorprender el secreto de este eterno milagro del vivir"(27).

García Martí, guiado pola súa vea poética e sentimental, tamén sintoniza coa filosofía de Bergson no referente á acción criadora constante por parte da vida. Na vida é onde se atopa o que hai de máis íntimo e, por tanto, o que é máis humano, máis divino e máis real. É a vida, como evolución espiritual, a que explica todas as cousas e, por suposto, tamén á intelixencia.

A vida, segundo a concibe Bergson, na Evolución criadora, é a vida da conciencia, a duración real; mesmo a vida biolóxica, reduce-se a ela. Por iso, é sempre criazón, é imprevisíbel e, xa que logo, non existe nengun finalismo nen tampouco causas mecánicas. Ante esta posición tan optimista, aínda que someramente exposta, García Martí non pode deixar de sentir un certo complexo de superioridade, por ver que o home é un ser tan grande:

"El admirado filósofo del Colegio de Francia ha dicho: "La creación no es un misterio; nosotros la experimentamos dentro de nosotros mismos desde el momento en que obramos libremente".

Tal exigencia, creadora del elan vital, nos da un inmeso prestigio y nos agiganta ante nuestros propios ojos, y creemos haber dado un mal paso, porque si hemos de ser artífices y constructores de mundos, es a condición de que lo logremos"(28).

García Martí, menciona de forma explícita o "espiritualismo" de Bergson. O "Filósofo de Franca" é un persoeiro importante do espiritualismo francés, "pero puede, asimismo, ser comprendido legítimamente dentro del marco del evolucionismo espiritualista"(29). A súa formazón fora positivista e moi relacionada co evolucionismo de Spencer, aínda que tamén foi discípulo de Boutroux, chegando, deste xeito, a un "positivismo espiritualista"(30).

Sem embargo, Bergson tamén concibe a conciencia e a vida, condicionadas e limitadas por múltiples circunstancias entre as que o home se ve inmerso. A vida espiritual non está aillada das demais cousas do mundo. O peso do corpo e da materia son considerábeis no terreo da conciencia. A vida, como gusta repetir García Martí; está chea de problemas, pero isto non destrúe nen a espiritualidade nen a liberdade: "Nosotros, desde nuestra posición espiritualista, defendemos la libertad humana, que da poesía y amenidad a la vida, en contra de los que aspiran a someterla a normas mecánicas"(31).

Nengun pretexto é válido cando se pon en cuestión a liberdade do home. A liberdade non pertence nen ao ámbito racional nen á parte material ou biolóxica do home. É algo que pertence á totalidade humana, ao máis profundo e íntimo da realidade persoal. Os actos humanos son libres cando se identifican plenamente con esa totalidade da personalidade do home. A influencia bergsoniana pode-se comprobar en coincidencias como esta: "Somos libres cuando nuestros actos dimanen de toda nuestra personalidad, cuando la expresan, cuando tienen con ella aquel indefinible parecido que en ocasiones halla uno entre el artista y su obra"(32).

O mundo non tería sentido sen liberdade, por iso se opón a todas aquelas doutrinas que afirman que o home libre é un absurdo e que os dereitos subxectivos inherentes á persoa son totalmente inexplicábeis. É ben certo que o individuo está condicionado por múltiples factores que limitan a súa individualidade. García Martí, ó igual que Bergson, tampouco se atreve a definir a liberdade, porque sabe que implicaría matá-la ou, cando menos, mediatizá-la nun ámbito de análise determinista: "La libertad es la indefinible relación del yo concreto con el

acto que este yo realiza"(33). Sen embargo, di, é preciso mirar moi fondo, buscar nas profundidades da vida onde xurden as actuacións humanas, a dimensión da moralidade, da liberdade de espírito, de compromiso humano, da capacidade de sufrimento e de amor. Aí é onde radica a auténtica liberdade: "...la verdadera libertad humana no es la externa, sino la interior, espiritual y de cultura. La libertad humana se conquista. No se nace libre: se hace uno libre"(34).

Garcia Marti, convencido de que as capacidades intelectuais do home non son capaces de satisfacer as máis profundas esixencias e necesidades humanas, aproveita as ocasións que se lle presentan para aireá-lo publicamente. No Ateneo de Madrid, pronuncia unha conferencia para expor o seu punto de vista; o título da mesma non pode ser máis significativo. O antiintelectualismo do que fai bandeira, aparece longamente exposto en "Verdades sentimentales"(35), onde se pode ver cal é a súa preocupación fundamental e o camiño a seguir: "...y respondiendo al tono de mi pensamiento, hice una conferencia en el Ateneo para justificar mi actitud sentimental con el título de "Mi antiintelectualismo". Véase, por consecuencia, cómo seguía influyendo en mí la corriente mística y bergsoniana"(36).

Deste xeito, cando o "sagrado", nun sentido moi amplo e pouco preciso, non alumea a senda humana, o home non sabe camiñar, lanza-se ao valeiro e camiña en tenebras; isto, evidentemente, non pode ser explicado pola razón nen pola ciencia, senón polo sentimento, que é o vieiro máis puro, aínda que irracional. Na actividade do sentir, no marco da mística, a alma vibra e sente-se a gusto.

O trasfondo ou ambiente místico no que se move tamén está conectado co universo bergsoniano, aínda que as súas circunstancias, tanto persoais como relixiosas son moi diferentes. Recordemos que para Bergson o misticismo implica: "Un contacto y, por consiguiente, una parcial coincidencia con el esfuerzo creativo del que es manifestación la vida. El esfuerzo es de Dios, si no es Dios Mismo"(37).

Hai para todos un camiño cando se busca a verdade, a beleza, o ben, é dicir, cando a alma, rebordando de sentimento, vai marcando o vieiro por diferentes espazos: "Por todos lados nos cierra el paso esa nota mística que parece indescifrable, y que la razón y la ciencia no bastan a desentrañar. Y lo grave es que la nota mística sagrada es el eje de la historia y de todo el mundo moral. La vida irracional del sentimiento llena la historia y va creando el bien y la belleza, que no son el bien y la belleza absolutos, pero son más, en el sentido de que lo son realmente"(38).

A influencia de Bergson en Garcia Marti, sen dúbida, fai-se sentir ao longo das súas obras non só naquelas caracterizadas pola súa dimensión filosófica ou, mellor dito, ensaística, senón tamén nas que teñen un carácter eminentemente literario, sexan novelas, drama ou teatro. Moitos dos puntos de vista de Bergson, no referente á vida, á conciencia, á espiritualidade, ao predomínio da intimidade, á liberdade, ao idealismo etc., teñen, con toda seguridade, algo que ver co seu pensamento filosófico.

Agora ben, esta influencia, como é lóxico, é máis ben difusa, aínda que non por iso menos importante, tendo en conta que Garcia Marti, en moi contadas ocasións, cita expresamente ao "Filósofo de Francia", polo que, con frecuencia, non é doado precisar cal é a orixe precisa de moitas das súas afirmacións, dado que o bergsonismo foi bastante amplo. Sen embargo, Garcia Marti, non nega, senón todo o contrario, a influencia de Bergson no seu pensamento: "En varias obras tengo probada mi fe bergsoniana. Me causa horror esa amenaza contenida por el alma latina del filósofo de Francia, la amenaza sacrílega de cortar las alas

del genio, de esterilizar a artistas y llevar ese frío y brutal "tecnicismo" hasta los divinos secretos del corazón"(39).

Antes de terminar de expor as relacións entre o pensamento de Garcia Marti e a filosofía de Bergson, é preciso clarear que, o noso autor escribeu un pequeno artigo sobre "La filosofía de Bergson, que foi publicado en "Verdades sentimentales" (1921) e que máis tarde é reproducido en "La vida de un español del siglo XIX al XX" (1941). Bergson, despois de que o lera, dá-lle as grazas cordialmente: "Este artículo mío de síntesis de la doctrina de Bergson, que muestra mis preferencias por la corriente ideológica que él representaba, merecía la siguiente carta del ilustre profesor: "Querido señor G.M.: Yo estoy en el deber de agradecerle su artículo tan penetrante, donde usted indica, con una elegante concisión, lo esencial de lo que yo he hecho o de lo que yo hubiera querido hacer. El artículo es demasiado amable para mí. Déjeme usted ver en esa benevolencia extrema una prueba de simpatía dada a mi tierra de Francia y créame, se lo ruego, en mis sentimientos más distinguidos. H. Bergson"(40).

Por último, debemos lembrar que Garcia Marti, cando regresa de Franza, vén entusiasmado coas doutrinas bergsonianas e, xa que logo, aproveita as ocasións que se lle presentan para expor os seus coñecementos ao respeito e dá-los a coñecer a quen os ignora ou que non está demasiado familiarizado con eles. O Autor está vivamente interesado en difundir esas ideas: "Fui acaso uno de los primeros que en España habló en público de las nuevas doctrinas bergsonianas"(41).

## CONCLUSIÓN

Garcia Marti, sentimental e romántico, prefire o valor do impulso, o sentimento, as manifestacións espontáneas, a orixinalidade e o xénio individual. A autenticidade non ten nada que ver co habitual e "razoábel", aínda que a sociedade establecida prime os convencionalismos e prescreba a conduta que os homes deben seguir.

Non se considera un "filósofo" no sentido tradicional do término. Fía-se máis do inxénio que da razón. Presume de ser un pensador que carece de método rigoroso e que se deixa guiar pola súa peculiar, persoal e "vital maneira de sentir". Prefire ver con outros ollos, cos ollos da intuición, que están máis próximos ao mundo da poesía que ao da "serea lóxica da razón". Considera-se un ensaísta que camiña libremente á busca da verdade: "Si nosotros hubiéramos de clasificarnos de alguna manera, desde luego habríamos de clasificarnos al margen de las tropas regulares que tienen un sistema y que siguen un método. Seríamos en este caso francotiradores o cazadores furtivos de verdades"(42).

Dentro do mundo das súas convicións particulares, ocupa un lugar destacado a ausencia de dogmas e de verdades absolutas. Esta situación, sen dúbida, leva consigo unha enorme sensación de soledade moral, de desamparo ante aqueles que vociferan as súas seguridades e que presumen de certezas. Isto converte-o nun "espectador" no sentido estrito do término. Adica-se a contemplar, desde a súa atalaia particular, o que pasa ao seu redor, o espectáculo da vida en torno, sen confiar demasiado no que escotia nen no que ve no mundo exterior: "Mi actitud es la de un espectador que, con un dejo de amarga ironía, escucha a los que dogmatizan como a los que niegan, siempre con un gesto de desconfianza, y al cabo, después de oírlos, se refugia en el fondo de su alma para defenderse contra sus optimismos, sus esperanzas, sus desalientos y sus desmayos"(43).

O seu escepticismo é eminentemente práctico, dado que ao non atopar nada dentro do ámbito social e exterior, que o satisfaga plenamente, prescinde de todo isto e sente-se máis

cómodo. Ao mesmo tempo, posto que está convencido de que no fondo da sua alma existen seguírdades, pode-se permitir o pracer de ser "irónico", isto é, disimular que o sabe, pode finxir que o ignora e desta forma, no fondo, ri-se e, até certo punto, compadece-se dos demais. A sua postura é bastante socrática, burlona e "moi galega". Esta dimensión irónica tamén é unha manifestazón do antagonismo entre o eu íntimo e o eu social que viven en constante tensión: "El descubrimiento de la "vida interior" ha desplazado el eje de mi existencia. Acusó la propensión natural al sentimiento trágico de la vida, haciéndome sentir constantemente la firme dualidad de mi yo pasajero y superficial y del yo eterno y profundo (...) si esto me ha hecho perder acometividad en la acción para la conquista de posiciones sociales, me proporcionó, en cambio, un enriquecimiento de mí mismo que me hizo mantener siempre una actitud de fondo escéptica e irónica"(44).

## NOTAS

- (1) *Una punta de Europa*. (Ritmo y matices de la vida gallega). Ed. Mundo Latino, Madrid, 1927, pp. 48-49.
- (2) Op. cit. p. 115.
- (3) Op. cit. p. 18.
- (4) Op. cit. p. 47
- (5) Op. cit. p. 93
- (6) Op. cit. p. 102
- (7) *De la zona Atlántica*. (Galicia y Portugal). Tip. Yagües, Madrid, 1934, p. 180.
- (8) *La vida de un español del siglo XIX al XX*. Espasa-Calpe, Madrid, 1941, p. 83.
- (9) Cf. Op. cit. pp. 83-84.
- (10) *Verdades sentimentales*. Ed. Mundo Latino, Madrid, 1921, p. 45.
- (11) Bergson, H., *Les deux sources de la morale et de la religion*. Oeuvres (Édit. du Centenaire, Presses Universitaires de France, Paris 1970), p. 1061. (Utilizaremos sempre esta edición).
- (12) *Notas de sociología*. Tip. Yagües, Madrid, 1935, p. 58.
- (13) *La vida de un español...*, op. cit., p. 85.
- (14) Bergson, H., *L'évolution créatrice*. Oeuvres, p. 831.
- (15) *Verdades sentimentales*. Op. cit. p. 40.
- (16) *El sentimiento de lo eterno..* Ed. Mundo Latino, Madrid, 1929, p. 166.
- (17) Bergson, H., *Les deux sources...*, op. cit. p. 1225.
- (18) *La vida de un español...*, op. cit. p. 87.
- (19) *El sentimiento de...*, op. cit., p. 177.
- (20) Bergson, H., *L'évolution...*, op. cit. p. 635.
- (21) Unamuno, M. de., *Del sentimiento trágico de la vida*. Obras Completas, (Escelicer, Madrid 1966), VII, p. 129.
- (22) Ortega y Gasset, J., *El Tema de nuestro tiempo*. Obras Completas (Revista de Occidente, Madrid, 1966), III, p. 178.
- (23) *Climas de misterio*. Ed. Aguilar, Madrid, 1947, p. 29.

- (24) Op. cit. pp. 119-120.
- (25) *La vida de un español...*, op. cit. p. 89.
- (26) Op. cit. p. 88.
- (27) Op. cit. p. 90.
- (28) *Verdades sentimentales*. Op. cit. p. 42.
- (29) Abbagnano, N., *Historia de la filosofía*. Montaner y Simón, Barcelona, 1973, p. 389, vol. III.
- (30) Jiménez Moreno, L., "Henri Bergson, del concepto de a metáfora", en I.M. Bermudo, *Los filósofos y sus filosofías*, Vicens-Vives, Barcelona, 1983, p. 109, vol. III.
- (31) *Verdades sentimentales*, op. cit. p. 64.
- (32) Bergson, H., *Essai sur les données immédiates de la conscience*. Oeuvres, p. 131.
- (33) Op. cit. p. 131.
- (34) *Entre dos extremismos*. Tip. Yagües, Madrid, 1934, p. 43.
- (35) *Verdades sentimentales*, op. cit. pp. 23-57.
- (36) *La vida de un español...*, op. cit. p. 95.
- (37) Bergson, H., *Les deux sources...*, op. cit., p. 1162.
- (38) *Verdades sentimentales*, op. cit. p. 47.
- (39) *La vida de un español...*, op. cit. p. 90.
- (40) Op. cit. p. 91.
- (41) Op. cit. p. 93.
- (42) *Climas de misterio*, op. cit. p. 27.
- (43) *Verdades sentimentales*, op. cit. p. 25.
- (44) *La vida de un español...*, op. cit. pp. 57-58.